

O IMPERIO BIZANTINO

O imperio bizantino debe este nome á súa capital, Constantinopla, denominada posteriormente bizancio. O imperio atravesou por varias etapas.

Durante o **reinado de Xustiniano** (527-565), alcanzou o seu máximo esplendor e recuperou parte dos territorios perdidos. No **século VII** os musulmáns conquistaron

diversas provincias, deixando o imperio reducido a Asia menor e á área dos Balcáns.

Desde mediados do século XI, o imperio foi perdendo sucesivamente territorios a mans dos normandos, búlgaros e turcos. Estes últimos conquistaron Constantinopla en 1453, feito que puxo fin ao imperio bizantino.

O século de ouro de Xustiniano

O emperador **Xustiniano (527-565)** tentou reconstruír a unidade do antigo Imperio Romano e restaurar a súa organización e a súa cultura.

Entre o 533 e o 534, o seu xeneral **Belisario** conquistoulles o **norte de África** aos vándalos. O ano seguinte arrebatoulles **Italia** aos ostrogodos, e no 554, o **sueste de Hispania** aos visigodos, convertendo a Bizancio no estado máis importante do Mediterráneo.

Foi unha época de **gran prosperidade económica** grazas a vitalidade do comercio no Mediterráneo que favoreceu a Constantinopla, situada nunha encrucillada de camiños que lle permitía dominar as rutas entre o mar Negro e o Mediterráneo e entre Europa e Asia.

Xustiniano recompilou as leis romanas nos 12 libros do chamado **Código de Xustiniano** (Corpus Iuris Civilis) unificando xuridicamente o Imperio e embeleceu a capital, Constantinopla, coa construción da **basílica de Santa Sofía**.



1. Coloca os seguintes feitos históricos no recadro que corresponda.

- Conquista de Constantinopla polos turcos

- Perda de territorios fronte aos musulmáns

- Reinado de Xustiniano

- Conquistas de Belisario

Século VI	Séculos VII-VIII	Século XV

A organización política e económica bizantinas

A **organización política** apoiábase no **emperador** (*basileus*), que concentraba todo o poder: dirixía a administración e o exército e interviña nos asuntos da Igrexa.

A **administración central** descansaba nunha organizada **burocracia** e no **dereito romano**, recompilado por Xustiniano.

A **administración territorial** organizábase en provincias (*thémas*) dirixidas por *strategos* (chefes políticos e militares).

O **exército** contaba cunha poderosa cabalería e unha importante armada.

A **economía** tiña na **agricultura** a súa principal actividade económica. Organizábase en grandes propiedades pertencente á nobreza ou aos mosteiros, traballadas por servos.

A **artesanía** fabricaba artigos de luxo, como seda, tapices, ourivería e marfil.

O **comercio**, moi importante, foi favorecido pola posición de ponte entre Europa e Asia que ocupaba o imperio.

2. **Emparella** correctamente as frases co concepto que lle corresponda.

- | | | |
|------------------------------|-------------------|--------------|
| 1) Desenvolvemento comercial | 2) Artesanía | 3) Strategos |
| 4) Burocracia | 5) Agricultura | 6) Thémas |
| 7) Basileus | 8) Potente armada | |

- Concentraba nas súas mans todo o poder.
- Administración central.
- Administración territorial.
- Gobernadores provinciais.
- Exército bizantino.
- Latifundios da nobreza e dos mosteiros.
- Fabricación de artigos de luxo.
- Posición de ponte entre Europa e Asia.

3. **Completa** as seguintes frases.

- O emperador dirixía a _____ e o _____.
- A administración central apoiábase na _____ e o _____.
- As provincias do imperio eran as _____ e estaban gobernadas por _____.

- d) A principal actividade económica era a _____, practicada en grandes _____.
- e) Os latifundios pertencían á _____ e aos _____.
- f) A artesanía _____ artigos de _____ como seda, tapices, ourivería e marfil.